

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2020

Rosalía na voz dos viaxeiros e escritores sudamericanos a Galicia

Xosé Luis Axeitos

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

Rosalía na voz dos viaxeiros e escritores sudamericanos a Galicia

No discurso político iberoamericano o concepto España, asociado á Monarquía, tivo un carácter monolítico e unitario que tardará moitos anos en quebrarse e que dificultará a percepción doutras realidades culturais nacionais como a galega. Esta visión dificultará a visibilidade de Galicia e non permitirá albiscar e ler outra realidade ata que os movementos independentistas que se suceden ao longo do século XIX se preocupen pola súa propia identidade cultural e política.

Efectivamente, a intensa relación cultural que se establece a partir dos primeiros anos do século XX entre Galicia e os países iberoamericanos^[1] temos que inscribirla no interese que desperta o discurso identitario nas novas nacións que comezan a celebrar o centenario da súa independencia. Despois dunha etapa inicial crítica e distante coa cultura do país colonizador, España, unha serie de intelectuais pretenden recuperar e normalizar a comunicación e intercambios despois de ter desviado a mirada para a cultura francesa. Mentres se suceden as duras polémicas entre hispanófilos (Ricardo Rojas, Manuel Ugarte, Manuel Gálvez, Arturo Capdevila) e hispanófobos (Leopoldo Lugones, José Ingenieros, Carlos O. Bunge etc) comeza un máis fecundo intercambio de corresponsalías de prensa e viaxes no que tamén participan, por parte española,

[1] Estudiada, entre outros, por Carlos M. Rama (*Historia de las relaciones culturales entre España y América Latina* F.C.E., 1982), Emilia de Zuleta (*Relaciones literarias entre España y la Argentina* Cultura Hispánica, 1983) e Patricia F. Ledesma Fernández (*El giro hispanófilo. Configuraciones de lo hispano en Argentina 1895-1923*

Salaverría, Altamira, Ortega ou R. Posada, colaboradores habituais de prensa que viaxan tamén a América.

Pero no caso de Galicia amais destes contactos temos que procurar outras vías de encontro cultural toda vez que o estéril concepto de hispanoamericanismo, que nace no contexto destas polémicas, consistía basicamente na busca dunha identidade alicerzada na lingua española. Este concepto chocaba frontalmente coas reivindicacións lingüísticas das Irmandades da Fala que tiña o idioma galego como referencia da construción nacional.^[2] Cando chega a España, o arxentino Ricardo Rojas vén comisionado para estudar o sistema educativo español e a referencias culturais para Galicia serán dona Emilia Pardo Bazán, coa que se entrevista en Madrid, e Valle Inclán. Outros viaxeiros a Galicia fixan a súa atención cultural en Pérez Lugín como fai a uruguaia Leonor de Miranda que viaxou por toda España e acabou reunindo as súas crónicas no libro *El corazón viajero* (1946). Gran admiradora de Cervantes e da cultura do séculos XVI e XVII cando chega a Santiago a súa referencia é Pérez Lugín. A mesma referencia toma o portorriqueño Rafael Pont Flores na súa obra *Un puertorriqueño en España* (1973) moitos anos despois que fai desfilar por Santiago a todos os personaxes da obra de Pérez Lugín, probablemente ignorantes do parentesco con Rosalía, apenas evocada por medio do seu monumento na Alameda de Santiago. Rafael Pont nada máis chegar a Santiago vai directamente, antes que á catedral, á Casa da Troya:

El corazón se detuvo al leer un letrero: Callejón de la Troya. [...] Después nos fuimos para la Alameda y remontamos hasta la Herradura, llevando siempre en la mente la Casa de la Troya. Nos acariciaba la perfumada brisa de los campos de Galicia. Mirando la carretera de Pontevedra creímos ver un tropel de viejos conocidos: don Hilarión, la Leona, Maragota, don Servando, don Laureano, Pitouto, Monchita...

Unha gran parte dos viaxeiros a Galicia contémplana como unha parte da hispanidade sin o máis mínimo matiz diferenciador, despois de pasar por Madrid, Toledo e Salamanca, Santiago é unha cidade monumental e de “peregrinación” onde Pardo Bazán, Valle Inclán, Fernández Flórez ou Pérez Lugín sitúan a acción das súas obras.

A chave das relacións con Galicia dos países sudamericanos, que coinciden cronologicamente coas que se activan e intensifican nestas datas dos primeiros anos do século con España, e que non son incompatibles, temos que explicalas no contexto da masiva emigración galega aos países sudamericanos, nomeadamente Arxentina, Uruguai e Cuba. Curiosamente será na cuberta dos vapores de emigrantes onde algúns escritores pertencentes á alta burguesía descubren a dor da ausencia e do fracaso tal como deixan constancia nos seus diarios e crónicas. Entre os emigrantes, unha parte significativa a partir da restauración borbónica, están nume-

[2] Vid. ao respecto, Axeitos, X. L., *Aproximacións a Manoel Antonio, Axóuxere, 2020, especialmente pp. 174-190.*

rosos liberais galegos que intentan que o asociacionismo galego non renuncie ás súas raíces identitarias e culturais fundando cabeceiras de prensa, revistas e publicacións periódicas que o rexionalismo galego a partir de 1890 coloniza e protagoniza.

Outra vía de mutuo coñecemento cultural entre Galicia e Sudamérica, máis alá do concepto unitario de España, xorde como consecuencia da citada migración de galegos que xenera unhas relacións socio-económicas descoñecidas ata ese momento. Estas novas relacións esixen que nos consulados, embaixadas e casas consignatarias se sitúen persoas coñecedoras da nova situación. Por esta vía acadan estatus diplomático e competencias culturais que facilitan un fecundo intercambio persoas como Eduardo Dieste, Carlos Gurméndez, Leopoldo Novoa, J. J. Casal dos que todos temos referencias como escritores e promotores de iniciativas que traen a Galicia a artistas plásticos como Barradas e Norah Borges, que ilustran revistas e publicacións de gran alcance.^[3]

Sen esquecer, a partir de 1936, os exiliados da guerra civil que, con Castelao á cabeza, son unha ponte entre as dúas ribeiras do Atlántico. Abondaría cos escritores e intelectuais enviados a Galicia por Luís Seoane que iniciaban unha “peregrinatio” en Vigo, guiados por del Riego ou Álvarez Blázquez, continuaban en Santiago con Maside ou García Sabell como ciceróns e remataban no Castro con Isaac a partir dos anos sesenta. Esta “peregrinatio” fixéranos o fotógrafo Horacio Cóppola, Luís Baudizzone, o gran coleccionista de arte Simon Scheimberg que en 1958 comunica a Bos Aires a morte de Maside etc. etc. Este último deixa un libro desta viaxe titulado *Cartas Europeas* (Botella al Mar, Buenos Aires, 1959) e nun momento determinado confesa:

Cuando cruzamos el Miño en la frontera a Portugal de España, a Aída y a mí se nos apretó el corazón y casi lloramos de emoción. El Miño era para Aída y para mí muchas cosas: era Rosalía de Castro (cuya tumba visitamos en compañía de Bouza Brey...

Tamén da relación de Rafael Dieste coa poeta uruguaia Esther de Cáceres saíran lembranzas de acontecementos galegos, aínda inéditos, coa conseguinte fatídica morte da escritora en Galicia que será enterrada inicialmente en Rianxo. Son, en definitiva, viaxes culturais de importantes intelectuais e escritores sudamericanos.

As devanditas circunstancias facilitan a publicación da obra de Rosalía en distintos países de América a onde acaban de chegar numerosos exiliados, tal como nos explican dous grandes especialistas rosalianos:

En todos os anos que dura a guerra non existe en España ningunha publicación exenta de obras de Rosalía. Non obstante, como dicíamos con expresión afortunada en 1985, América toma

[3] Abonda lembrar a revista *Casa de las Américas*, antecedente de *Alfar*, ou *Ronsel*.

entón o facho do rosalianismo, e deixando por un momento de lado o límite que nos puxemos de falar exclusivamente das edicións de Rosalía na Arxentina, recordaremos os seis volumes rosalianos publicados ao outro lado do Atlántico, un nos Estados Unidos. dous en Chile, tres na Arxentina, nesta secuencia cronolóxica:

1.- Rosalía de Castro, *Beside the River Sar. Selected Poems from En las orillas del Sar*, Translated from the Castilian, with annotations and a preface, by S. Griswold Morley, Berkeley, University of California Press, 1937.

2.- Rosalía de Castro, *Saudades. Poesías, Ensayo y traducción de Emilia Bernal*, Santiago de Chile, Editorial Nascimento, 1938.

3.- Rosalía de Castro, *Cantares gallegos*, Buenos Aires, Editorial Tor, s. a.

4.- Rosalía Castro, *Poemas galegos, Selección y prólogo de E. Blanco-Amor. Estudios sobre su obra por Emilio Castelar y E. Díez Canedo*, Buenos Aires, Talleres Gráficos Iglesias & Matera, s. a. (1939).

5.- (Rosalía de Castro) *Poesías de Rosalía de Castro (1837-1885), Prólogo y selección de Carlos J. Larrain de Castro*, Santiago de Chile, Ed. Más, s. a. (1939). 6.- Rosalía de Castro, *Poesías Castellanas*, Buenos Aires, Emecé Editores, 1939.^[4]

E tratándose de viaxes adoitaban estes chegar a Galicia por barco ata Vigo para continuar despois dalgúns días viaxe a Santiago, por Pontevedra, para rematar na Coruña. Moitos deles contarán cunha persoa que lle serve de cicerone e acompaña durante varios días. Neste caso as crónicas, destinadas a algún medio de comunicación, como por exemplo Roberto Arlt para *El Mundo* igual que anos máis tarde tamén será cronista para *La Nación* Eduardo Blanco Amor, desenvólvense coa rixidez retórica propia do xénero.

Como é sabido a viaxe, os libros de viaxes estableceron desde tempo inmemorial unha fecunda relación coa literatura de todas as épocas e por tal motivo foron obxecto de debate académico á hora de pretender definir, clasificar e estruturar todo este inxente material.

Controvertida foi, en efecto, a definición e a súa caracterización como xénero literario autónomo sen esquecer que a súa simple delimitación pode referirse a modalidades tan diferentes como libros de viaxes, crónicas, itinerarios de peregrinos, cartas de viaxeiros, diarios de a bordo ou guías de viaxe, tratados apodémicos tan frecuentes durante o século XVIII. Complexidade que deriva, en gran parte, do tratamento xenérico que recibiron desde a antigüidade clásica obras como a *Odisea* ou a *Eneida*, pasando polas viaxes medievais de natureza relixiosa ou comercial, polo mesmo Quijote ata chegar ao século XXI. Sen esquecer o debate sobre a posibilidade de entrar na mesma categoría as viaxes reais con desprazamento xeográfico real, físico ou tamén o metafórico, mítico ou alegórico.

[4] López, Aurora-Pociña, Andrés, “As edición de Rosalía de Castro na Arxentina” en *Follas Novas* 2, 2017, pxs. 199-213.

Non obstante malia a diversidade do relato de viaxes este irá consolidando unha tradición narrativa en relación a un itinerario, unha orde cronolóxica e espacial, a mención dunha xeografía sagrada e mítica, a narración lineal e continua, a presenza da primeira persoa etc. En definitiva malia as diferentes motivacións que existan para iniciar unha viaxe, temporais ou espirituais, todos de alguna maneira quedan articulados por estes recursos narrativos que definen a identidade do relato.^[5]

Abondaría a monumental obra de Arturo Farinelli^[6] para decatármonos da inmensidade do tema das viaxes na cultura europea.

Alén destas discusións de natureza académica ninguén pode hoxe discutir a fecundidade cultural deste xénero para a nosa cultura. Chega con lembrar, para confirmalo, a obra do Padre Sarmiento, precursora de case todo para Galicia pola sinxela razón de que nos ensinou a mirar e contemplar o mundo desde a nosa cultura. Vivía en Madrid pero a súa perspectiva era Galicia exclusivamente. Unha perspectiva solicitada por ilustrados e polos círculos do poder que non deixaban de encargarlle traballos sobre os máis diversos temas.

Emporiso chegou un momento a partir do século XV en que decae o relato medieval de signo relixioso, as viaxes quedan encorsetadas polos mesmos criterios formais que as agrupou como xénero ata que no século XVIII van ser fecundadas pola xeografía e a partir do século XIX pola prensa periódica que dedica grandes espazos a este xénero, como temos dito. Neste espazo dos correponsais de prensa é onde escolmamos as referencias a Rosalía. Viaxeiros que enviaban crónicas a distintos medios e que posteriormente recollían en libro. Concretamente aquí, nos espazos hemerográficos é onde vamos atopar un bo número de escritos nos que Galicia ocupa un lugar importante que axuda tamén a disipar os numerosos tópicos do atraso e barbarie que lastraban a chegada dos numerosos viaxeiros ingleses e centroeuropeos durante o século XIX. Unha mostra ilustrativa, pola difusión acadada, poden ser as viaxes do popular G. Brow^[7] e as *Memorias del cura liberal don Juan Antonio Posse con su discurso sobre la Constitución de 1812* (CIS, Centro de Estudios Sociológicos, Madrid, 1984) que malia o título ten estrutura de libro de viaxes.

[5] Vid. Pérez Priego, M. A., “Estudio literario de los libros de viajes medievales” en *Epos*, 1, 1984, p. 217 y ss.

[6] Farinelli, Arturo, *Viajes por España y Portugal desde la edad media hasta el siglo XX: nuevas y antiguas divagaciones bibliográficas*, Centro de Estudios Históricos, 1920. Reeditada en 4 volumes en Roma pola Reale Accademia d'Italia. (1942-1944). Todos os repertorios bibliográficos incluído o de Farinelli serán recollidos nun monumental *Diccionario de viajeros españoles. Desde la Edad Media a 1970*, obra de Carlos García-Romeral editada en 2004 por Ollero y Ramos.

[7] G. Brow, *La Biblia en España o Viajes, aventuras y prisiones de un inglés en su intento de difundir las Escrituras por la Península*; tradución do inglés por Manuel Azaña, 1921. O tradutor dedicou ao extravagante autor varios estudos na súa revista *La Pluma*, recollidos posteriormente en libro por Alianza Editorial que tamén reeditou a obra en 1974.

Seleccionamos únicamente escritores que mencionan especialmente a Rosalía de Castro como referente esencial da literatura, da política e da cultura en xeral. Algúns dos escolmados proceden da antoloxía que publicou José Esteban^[8] que recolle un total de 29 escritores de moi diverso interese e entre os que están Ricardo Rojas, Rufino Blanco Fombona, Gómez Carrillo, Roberto Arlt, Arturo Capdevila etc. Naturalmente o único criterio que guía a escolma é a súa relación con Galicia que pode incluír a rosalianos confesos e convictos como Francisco Luís Bernárdez ou Arturo Capdevila ao lado doutros que veñen na procura da espiritualidade xacobeá ou das raíces españolas.

Sorprende o caso do intelectual arxentino Ricardo Rojas (1882-1957) que comprende perfectamente o tema nacionalista que con tanta fortuna desenvolve na súa obra *La restauración nacionalista* (1909). O texto escolmado presenta unha lectura política de Rosalía, faceta inusual entre os lectores de principios do século XX. Rojas sostén, seguindo as teorías de Renan que o home pertence sempre a unha terra –“é unha condición situada”–, a unha comunidade vinculada por unha memoria, unha tradición e unha cultura. Desde esta óptica sitúa a Rosalía como poeta e activista do rexionalismo galego:

Desde el cabo Ortegal hasta las bocas del Miño, la ribera es una estría labrada de caletas y puntas: comarca eglñogica en su interior, llega hasta los valles la tentación del mar. El terruño con su encanto casi femenino, retiene al hombre a quien una fatalidad arroja a la aventura. De Compostela, de Lugo, de El Ferrol, de Orense, de Pontevedra, salen al mar los aldeanos, y se embarcan para América, doloridos de arrancarse a su linda tierra, pero resueltos a probar fortuna:

*Éste vaise e aquel vaise
E todos se van;
Galicia sin homes quedas
Que te poidan traballar.
E nais que non teñen fillos,
E fillos que non ten país,
E tes corazóns que sufren
Longas ausencias mortás,
Viudas de vivos e mortos
Que ninguén consolará.*

Estos versos de Rosalía de Castro, voz ingenua de su raza, expresan el dolor de las migraciones: dualidad de Galicia, donde el hombre ama a su tierra y la abandona, porque a esa tierra de flores le hurta el amo sus frutos. Un régimen social injusto -cultivos rutinarios y expoliación forastera- es la causa de esos desgarramientos que el regionalismo gallego ha recogido en sus demandas de reforma.

[8] *Galicia y los escritores hispanoamericanos*, edic. de J. Esteban, Ediciones del Viento, 2016.

Al volver yo a bordo, embarcábanse para Buenos Aires algunos de esos inmigrantes, y cuando el Cap fue saliendo de la ría, ellos miraban la tierra natal con lágrimas en los ojos. Dábanme ganas de decirles que ellos ya eran mis compatriotas. Venían a continuar la obra de los antepasados, y ellos son, también, en su anónima humildad ministros de la historia; sus huesos serán mañana polvo de la Pampa, y en sus hijos retornará la vieja estirpe a nueva gloria.

El mar entretanto resonaba en torno. Mi barco empezó a alejarse del muelle, al trepidante ruido de sus máquinas. Una tenue llovizna empañaba el cielo de la tarde. En su lejanía gris, verdeaba la tierra gallega, postrer perfil de España en mi despedida.

Caracteres del regionalismo gallego

[...] Rosalía de Castro fue, sin proponérselo, la inspirada precursora de ese renacimiento; sus versos, escritos en lengua gallega, confundíndose con las coplas del folklore. Esa voz ingenua no sólo cantó las bellezas del terruño y las saudades del amor, sino que expresó en palabras iracundas la protesta por la miseria que pesaba sobre su gente. Protesta justa en su origen pero que, como los otros regionalismos militantes, volviósese injustamente contra Castilla:

*Permita Dios, castellanos.
Castellanos que aborrezco
Qu' antes os galegos morran
Quír a pedirvos sustento.
Pois tan mal corazón tendes
Secos fillos do deserto,
Que si amargo pan vos gana
Dádesllo envolto en veneno.*

Este estridente grito de mujer, denuncia las desarmonías regionales que resquebrajan España, no porque sus regiones no puedan convivir federalmente, sino porque el antiguo estado español no se fundó en la realidad geográfica, ni se organizó por normas de ciencia y para fines de justicia nacional. El régimen de la tierra, de los impuestos, de las tarifas, de los transportes y de la educación fue en Galicia algo monstruoso, residuo de arcaicas instituciones feudales y de modernos sistemas centralistas.

En moitas ocasión as breves referencias dos viaxeiros sudamericanos a Rosalía forman parte da descripción paisaxística ou monumental como se fosen conscientes que a nosa poeta forma parte da natureza que contribuíu a crear. Semella que seguen o consello de Madame Colette a Jean Cocteau de que os grandes poetas non hai que lelos, hai que respíralos porque o que realmente transmiten é unha atmósfera. Tal podía ser o caso de Martín S. Noel (1888-1963), un arquitecto arxentino, amigo de Enrique Larreta e do presidente Marcelo T. de Alvear, todos militantes da Unión Cívica Radical. Foi o autor do proxecto do pabellón

de Arxentina na exposición de Sevilla de 1929, ano no que están datadas estas referencias rosalianas.

Como tantos outros viaxeiros arxentinos desembarca en Vigo e segue ruta a Santiago. Facer o traxecto en coche particular, pertencía á alta burguesía con responsabilidades de goberno no seu país, permítelle describir Santa María en Pontevedra ou referirse a Caldas e deterse en Padrón e Iria para contemplar a colexiata. A crónica ten o título xeral *De Vigo a la ciudad compostelana. La ría a orillas del Sar. La ciudad apostólica* que xa anuncia a referencia obrigada á obra de Rosalía.

[...] Perfumea el hálito sagrado de los bíblicos pasos del apóstol Santiago -y por ello no tardamos en avistar, allá en la fresca vega que costea el anchuroso Sar en las proximidades de su confluencia con el Ulla, el risueño pueblo de Padrón. Allí está la colegiata de Santa María, panteón de obispos famosos por su devoción y santidad y la recóndita capilla de San Gregorio que trae a cuenta la fervorosa leyenda de la primera misa del apóstol.

Mas nuestra arqueológica devoción hallará su cumbre en la vetusta “Iría Flavia”, esa iglesia de un purísimo románico tan zahiriente que nos hace levantar el pensamiento persiguiendo la ruta de romeros de Francia hacia las colegiatas ovetenses, fortaleciendo en nuestro ánimo el sentimiento autóctono de esta forma estética tan cabalmente española.

A tempo recordamos esta estrofa de la piadosa Rosalía:

*¡Cuán hermosa es tu vega! ¡Oh Padrón! ¡Oh Iría Flavia!
Mas el calor, la vida juvenil y la savia
Que extraje de tu seno
Como el sediento niño el dulce jugo extrae
Del pecho blanco y lleno
De mi existencia oscura en el torrente amargo
Pasaron cual barridos por la inconstancia ciega.
Una visión de armiño, una ilusión querida,
Un suspiro de amor.*

Y a pocos pasos de esta igrexa, no muy lejos de su casa, exclama:

*Un manso río, una vereda estrecha.
Un campo solitario y un pinar.
Y un viejo puente, rústico y sencillo,
Completando tu gran soledad.*

Curiosa a cita dunha viaxe frustrada que iba realizar o presidente do Uruguai Carlos Lacalle.

O incansable promotor cultural Dionisio Gamallo Fierros organizou en 1947 un encontro na honra de José M^a Alonso-Trelles, máis coñecido polo pseudónimo de “El Viejo Pancho” como celebrado autor de títulos memorables de poesía gauchesca.

O Presidente Lacalle non asiste finalmente ao evento pero envía un discurso retórico e grandilocuente de autoría descoñecida no que se refire a Galicia como a Patria da “ternura” coincidindo, curiosamente, con outros moitos viaxeiros que case convirten en tópico este sustantivo:

Galicia. Patria de la ternura. De una infinita ternura. De una sutil ternura. Corazón afinado que salta en los ojos siempre húmedos, castaños y celestes, de mozas y varones que crearon los reinos del “más allá del mar”.

Toda la aventura gallega. La de su padro y la de su ría. La de su paganía fundamental. La de su bautismo santiagueño. Es una aventura de ternura. Ternura en el hacer y en el saber. Ternura: el corazón y la lleve del corazón. Ya lo dijo Rosalía:

*O meu corazón che mando
C'unha chave para o abrir;
Nin eu teño máis que darche,
Nin ti máis que pedir.*

Pertenece a este grupo de viaxeiros o presbítero Alfredo R. Bufano que despois de peregrinar por terras de Galicia durante medio ano deixounos unha obra bucólica, nostálgica sobre a nosa paisaxe recollida en 40 cancións que foron xustamente celebradas por Varela Jácome.^[9] Trátase do poemario *Junto a las verdes rías* (Buenos Aires, 1950). A el pertence este soneto dedicado a Rosalía que pode ser un exemplo da súa recoñecida poesía recollida, íntima:

A Rosalía

Rosalía de Castro, aquí junto a tu ría,
bajo tu cielo puro, por barrocos senderos
caminas a mi flanco nimbada de luceros
pálidos, imprecisos, lejana Rosalía.

Somos dos sombras leves. Tu soledad es mía,
míos tus sueños, míos tus temblores primeros,
míos tus olorosos cantares marineros,
mía la rosa blanca de tu melancolía.

[9] Varela Jácome, Benito, “Galicia en los versos de un poeta argentino” en *La Noche* (25-IX-1954).

No me preguntes cómo llegué a tu dulce lado;
no me preguntes cuándo partiré, Rosalía,
niebla soy o paisaje fugaz desdibujado.

Hablemos sin palabras de tu pena y la mía
aquí, junto a tu ría, bajo el cielo estrellado,
como el huerto murado de tu melancolía.

A obra de Bufano xunto coa de Jorge Bosco, Capdevila, Julieta Gómez Paz, González Carbalho, Molinari e Rama foi estudada pola da profesora Katheleen N. March^[10] trazando un perfil da súa procedencia cultural, principais temas e características. Máis tarde a obra galega de Eduardo J. Bosco (1913-1943)^[11] e a de Francisco Luís Bernárdez^[12] serán recollidas en libro. Este grupo concreto de escritores estudados pola profesora da Universidade de Maine teñen unha conciencia clara da realidade política e social que encarna Rosalía, adquirida nalgúns casos por vivir en Galicia, por ter familiares cercanos ou porque o contacto coa emigración e o exilio estimulou o estudo e coñecemento do país.

A actitude deste grupo pode ser representada por dous poemas moi significativos: o de Paco Luís Bernárdez, como poeta integrado no discurso galego e o de Capdevila, máis distante pero gran coñecedor do carácter fundacional da obra de Rosalía.

Así o poema de Francisco Luís Bernárdez foi publicado por primeira vez no xornal *El Compostelano* (18 de xullo de 1923) con ocasión da homenaxe que lle tributa a Rosalía o Instituto Histórico do Minho en Viana do Castelo o domingo anterior, día 15, efeméride do seu pasamento. O poema pode ser dobremente celebrado, como homenaxe e desagravio a Rosalía, por suposto, e como crítica e descualificación deses “nefelibatas”, que se di, según o diccionario da RAE, das persoas soñadoras que non se decatan da realidade, en alusión ao manifesto de Manoel Antonio e subseguinte polémica que provocou na prensa. A evidente intertextualidade cunha moi coñecida oración axuda a sacralizar esa “abuela”, máis merecedora de respecto que a nai, e a defendela dos mozos que sembran de loucuras o mundo. Neste momento, 1923, Paco Luís Bernárdez forma parte da redacción dun xornal de Vigo e participa no faladoiro no que se reúnen a diario Rafael Dieste, Blanco Torres, Fernández Armesto, Lustres Rivas e onde é habitual atopar tamén a Manoel Antonio, estudante de náutica na mesma cidade. O poema ten que ser necesariamente obxecto de comentario e diálogo Esta petición de perdón supón o recoñecemento dunha culpa...

[10] March, Katheleen N., “Galiza nos poetas hispanoamericanos” en *Actas XXIX Congreso del Instituto Internacional de Literatura Iberoamericana*, tomo III, 1994, páxs. 399-408.

[11] Eduardo Jorge Bosco, *Poemas en legua gallega*, edic. de X. A. Montero, Xunta de Galicia, 2007.

[12] Paco Luís Bernárdez, *Poeta de fe, leal a Galicia*, edic. do PEN cube de Galicia a cargo de L. G. Tosar, Deputación de Ourense, Xunta de Galicia, RAG, 2015.

Oración a Rosalía

Abuela Rosalía que estás en las estrellas
 abuela Rosalía, intercede ante Dios
 por los nefelibatas que sembramos de bellas
 locuras el glebario de la vida, por nós...

Abuela Rosalía que estás en los luceros:
 ruega por los saudosos, por los tristes, por los
 Quijotes -denigrados de Sanchos y barberos-;
 por nosotros abuela Rosalía, por nós...

Ruega por los que sólo supimos de amarguras.
 Ruega por los que dimos nuestra hogaza de amor,
 para roer, llorando, nuestro pan de dolor,

hasta que el día llegue en que, juntos, también
 -abuela Rosalía que estás en las alturas-
 seamos en el seno de nuestro Dios. Amén

(A Aurora do Lima, 19-9-1923)

Especial interese, entre este último grupo de poetas, garda o poema que lle dedica a Rosalía de Castro, Arturo Capdevila incluído no seu poemario *Canto gallego* (1955) porque anticipa dalgunha maneira a simboloxía e significado da Fundación actual e que sen dúbida constitúe un colofón digno para esta nosa escolma:

Si Rosalía Castro fue una rosa,
 rosa galaica, Rosalía,
 dulzor de la mañana; de la tarde,
 malancolía;
 rosa en que era el rocío de la noche
 como desconsolada pedrería
 y a quien cantaba el ruiseñor
 su más celeste melodía...

Si Rosalía fue una rosa,
 rosa galaica, Rosalía,
 la suma del encanto de la vega
 y de la ría...

Si Rosalía fue caliz abierto
Que néctares del cielo recogía;
Rosa como del cerco del camino
¡pero de qué jardinería!

Si Rosalía fue rosa entre rosas
de la galaica poesía;
rosa que ya en el nombre que le dieron
a perfumar se abría...
entonces, por la gala
de esa floral ciudadanía,
todas las rosas de Galicia enciende,
todas las rosas de Galicia cría,
todas las rosas de Galicia, gracia
y corona, y diadema y lozanía...,
todas las rosas de Galicia sean,
todas las rosas por Rosalía.

